

**MEMORIA  
PROGRAMA  
OBSERVA\_ACCIÓN**

**CEIP PLURILINGÜE A LAXE**

A nosa motivación é ofrecerlle ao noso alumnado o mellor, tanto no relativo a metodoloxías e materiais como espazos... e iso require un esforzo pola nosa parte para estar abertos a coñecer como traballan noutros centros educativos, pero por suposto consideramos que tamén podemos ser esponxas no noso centro e aprender das nosas compañeiras, por iso nesta primeira fase do programa levamos a cabo unha observación intracentro.

A liña na que nos enmarcamos é a relativa á Competencia en Educación Inclusiva e Coeducación posto que a razón pola que estamos inmersos en tantos proxectos é o ALUMNADO, dado que só queremos o mellor para eles/elas, tanto no relativo a metodoloxías, espazos, materiais, uso da novas tecnoloxías...

Ademais de todo o realizado nesta fase, o noso centro tamén está a participar no programa Erasmus+, polo que neste curso tanto alumnado como profesorado tivo a oportunidade de viaxar a países como Polonia, Suecia e Gales para coñecer de primeira man como traballan noutros centros educativos fóra das nosas fronteiras.

## OBXECTIVOS

Os nosos obxectivos nesta primeira fase son:

- Coñecer máis de cerca como traballan as nosas compañeiras.
- Reflexionar sobre a nosa práctica docente.
- Chegar ao momento “Eureka”.
- Comezar a realizar cambios para poder seguir ofrecéndolle ao noso alumnado o mellor.
- Seguir avanzando na atención á diversidade.
- Promover propostas de ensinanzas inclusivas.
- Formar ao Claustro nas novas educativas que van xurdindo.
- Fomentar o traballo colaborativo.

## ACTIVIDADES

### - **Formación das parellas**

Nesta primeira fase o primeiro que fixemos foi formar as parellas de observación, quedando da seguinte forma:

- Iria Pico Bolaño (titora de 4º de Ed. Infantil) – María Paz López (titora de 1º e 2º de Ed. Primaria e especialista de Música).

- Andrea Iglesias González (titora de 5º e 6º de Ed. Primaria) – Rocío Monterroso Dopico (titora de 5º e 6º de Ed. Infantil).
- Patricia Mª Cons Formoso (directora e imparte asignaturas en 5º de Ed. Primaria) – María Begoña Salido Yáñez (especialista de inglés).
- Lidia Abuín Cartamil (especialista de Ed. Física e imparte asignaturas en 3º de Ed. Primaria) – Gemma Breijo Calvo (especialista de AL) – Teresa Pedre Lorenzo (titora de 3º e 4º de Ed. Primaria).

### - Entrevista iniciais

Seguindo os pasos indicados nas sesións de formación tiveron lugar as entrevistas iniciais, dando resposta as preguntas recollidas nas follas de rexistro.

Programa de desenvolvemento profesional docente: Observa\_Acción

OBSERVACIÓN DOCENTE

Plan de observación no centro.

Reflexión inicial: entrevista a un/unha compañeiro/a: *ANUSCA*

1. Por que/para que queres observar a outra persoa docente?  
*Como que e interesante ver outros modelos de gestión en centros, como organizados, e como traballan os profesores.*
2. Que aspectos da túa práctica e aula che interesan que observe outra persoa?  
*Como que non se dá a que a a realidade da sesión, como traballa a comunicación, como traballa o ritmo da sesión.*
3. Que tipo de observación che parece máis útil para o teu obxectivo?

Auto-observación	Hetero-observación	Co-observación
<input checked="" type="checkbox"/> Observación holística	<input type="checkbox"/> Observación focalizada	<input type="checkbox"/> Outros

4. Que instrumentos vas empregar?  
*Observación directa, con recollida da información no libro de rexistro.*
5. Cando o vas facer? En que momento, día sesión, hora?  
*Xoves día 2 a 3ª hora (tema 1)*
6. Con que persoas vas contar?  
*Con profes observadas.*
7. Como vas preparar esta observación? (lectura de artigos, busca/elaboración de modelos, fichas, cuestionarios, apertura dun manexo social sobre observación, etc.)  
*Fichas.*
8. Que vas facer cos datos obtidos? (creación dun portafolios, diario de observación individual, desdaga docente, blog de difusión de boas prácticas, etc.)  
*Portafolios.*

### - Sesións de observación

O calendario de observación foi o seguinte:

	Observación holística	Observación focalizada
Iria – María	02/02/23 1º e 2º EP 1ª sesión: asemblea	01/03/23 1º e 2º EP 3º sesión: ling. castelá- mate
María - Iria	01/02/23 4º EI 2ª sesión: globalizado	02/03/23 4º EI 2ª sesión: globalizado
Rocío – Andrea	02/02/23 5º e 6º EP 4ª sesión: ciencias sociais	28/02/23 5º e 6º EP 4ª sesión: ciencias sociais
Andrea- Rocío	02/02/23 5º e 6º EI 4ª sesión: artística	01/03/23 5º e 6º EI 2ª sesión: globalizado
Begoña – Patricia	02/02/2023 5ºEP 1ª sesión: lingua castelá	23/02/23 5º EP 1º sesión: lingua castelá
Patricia- Begoña	03/02/2023 5º EP 1ª sesión: inglés	24/02/23 5º EP 1ª sesión: inglés
Lidia – Gemma	02/03/23 4º EP 4ª sesión	13/03/23 4ºEP 4ª sesión: Audición e linguaxe
Teresa – Gemma	06/03/23 1º e 2º EP 3ª sesión	
Gemma- Teresa	02/03/23 3º e 4º EP Sesión: matemáticas	13/03/23 3º e 4º EP 1ª sesión: matemáticas
Teresa - Lidia		20/03/23 5º e 6º EP 3ª sesión: Ed. Física

Nestes momentos cada unha das parellas empregou os instrumentos máis adecuados para levar a cabo os dous tipos de observación: observar, tomar notas, cubrir os documentos necesarios para deixar recollido todo o proceso.



### - **Sesións de reflexión**

Tralas observacións tiveron lugar as reunións para poder comentar o observado, resolver dúbidas ou facer suxestións ás compañeiras, sempre con respecto, intentando chegar a un momento “Eureka”.

Estas sesión de reflexión foron tanto por parellas, como varios membros do claustro para poder falar dos cambios que se queren comezar a realizar grazas a todo o observado nestes días.



Como claustro, chegamos á seguinte reflexión:

*Esta experiencia abre a posibilidade de coñecer diferentes formas de levar a cabo unha sesión, de xestionar os posibles conflitos, de como se organiza espacialmente a aula, como xestionan os tempos, como a profesora xestiona as súas emocións ante situacións un pouco complicadas.*

*Permítenos aprender das nosas propias compañeiras, que son coas que compartimos máis horas dentro do centro.*

*Tamén permite ver un pouco reflexadas as nosas accións e comportamentos nos demais e ser capaces de aceptar as posibles opinións ou críticas constructivas cunha actitude aberta e positiva, ao mesmo tempo que nos “obriga” a parar e analizar máis a propias sesións de clase.*

Neste senso, quixemos elaborar un decálogo sobre a boa observación (ver anexo).




- **Difusión do programa**

Empregamos a páxina web do centro e das redes sociais (Instagram) para dar a coñecer a toda a Comunidade Educativa dito programa e as actividades levadas a cabo.

Aquí deixamos un código QR que leva á páxina web.





## AVALIACIÓN FINAL

O traballo levado a cabo foi satisfactorio, e consideramos que cumprimos os obxectivos desta primeira fase, vivindo de primeira man as dúas experiencias: observar e ser observada e que en nalgún caso se produxo ese momento “Eureka” que é o inicio para levar a cabo cambios na nosa práctica docente. Desta forma xa se están levando a cabo no centro cambios con respecto a uso dos espazos dentro da aula e nos tipos de agrupamentos para realizar as actividades. Ademais a mestra de 5º e 6º comezou a empregar os círculos de diálogo para fomentar a participación de todo o alumnado (xa realizaba asemblea).

Os demais integrantes do claustro están a introducir xogos de mesa adaptados para todo o alumnado, ademais de implementar o xogo cooperativo, xa empregado por outra mestra do centro.

O único inconveniente que tivemos foi o tempo para poder realizar todo este proceso con máis calma, posto que os tempos foron moi axustados.

Seguimos con gañas de seguir por este camiño, coñecendo como traballan outros centros educativos da nosa contorna e así seguir mellorando.



# DECÁLOGO PARA UNHA BOA OBSERVACIÓN



**1**

OBSERVAR SEN SER VISTA/O, SEN INTERROMPER NIN CONDICIONAR.

**2**

MENTE ABERTA

**3**

RESPECTO

**4**

TER UNHA CONVERSACIÓN PREVIA E POSTERIOR Á OBSERVACIÓN

**5**

TOMAR NOTA DE POSIBLES DUDAS

**6**

UBICACIÓN Á MARXE, SEN INTERROMPER

**7**

ACTITUDE POSITIVA

**8**

ENTRAR CUN SORRISO

**9**

LEMBRAR QUE SE ESTÁ OBSERVANDO , NON ASESORANDO.

**10**

NON EMITIR NINGÚN PREXUÍZO

